

Contabilidade trimestral. Terceiro trimestre de 2008

NOTA DE PRENSA


A economía galega rexistra un crecemento do 1,6% no terceiro trimestre de 2008

O Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no terceiro trimestre de 2008 rexistrou un crecemento do 1,6% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento é inferior en oito décimas ao rexistrado no trimestre anterior.

O crecemento interanual do PIB galego supera en sete décimas ao obtido pola economía española (0,9%) e en oito décimas ao estimado para a Unión Europea (0,8%).

O crecemento intertrimestral sitúase no 0,1%, unha décima menos que no trimestre anterior.


Estes datos coinciden cos publicados na estimación avance difundidos o pasado 17 de novembro.



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Demanda

A demanda en termos nacionais contribúe con 0,5 puntos ao crecemento do PIB, reducíndose en 1,6 puntos a súa achega ao crecemento agregado sobre a achega do trimestre anterior. Non obstante, obsérvase unha mellora da contribución do sector exterior (de 0,3 a 1,1 puntos).



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2007				2008		
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Gasto en consumo final	4,6	4,5	4,0	3,2	2,4	2,3	2,0
-Gasto en consumo final dos fogares	4,6	4,6	4,0	3,1	2,1	1,6	1,2
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	4,5	4,3	3,9	3,5	3,6	4,6	5,0
Formación bruta de capital	7,2	5,5	5,7	5,0	2,5	0,8	-2,8
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	6,2	5,5	5,2	4,3	2,8	2,1	0,5
Exportacións de bens e servizos	7,0	5,0	7,9	4,0	1,7	1,4	0,4
Importacións de bens e servizos	8,5	5,9	7,8	4,0	0,9	0,6	-1,0
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	4,1	4,2	4,1	3,8	3,2	2,4	1,6

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares crece un 1,2%, catro décimas inferior ao crecemento que experimentou no trimestre anterior. Este resultado é consecuencia da evolución dos principais indicadores deste agregado, que presentan menores crecementos neste trimestre que no anterior (nivel de emprego da economía, índice de vendas de comercio polo miúdo, matriculacións de turismos ...).

O gasto en consumo final das Administracións Públicas e Institucións sen fins de lucro presenta unha taxa de crecemento do 5,0%, catro décimas máis que no trimestre anterior.

A formación bruta de capital reduce a súa taxa de crecemento neste terceiro trimestre, desde o 0,8% ata o -2,8%. Esta evolución é resultado do menor impulso da construción e do investimento en bens de equipo, xa que tanto a produción industrial como as importacións deste tipo de bens e a matriculación de vehículos de carga presentan taxas de crecemento inferiores ao trimestre anterior.

Como xa se comentou anteriormente, a achega da demanda externa neta é superior en 0,8 puntos á do trimestre anterior. As exportacións creceron un 0,4% no terceiro trimestre, un punto inferior ao crecemento do segundo trimestre. Pola súa parte, as importacións descendieron un 1,0%, o que supón un retroceso de 1,6 puntos sobre o crecemento do trimestre precedente.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta o comportamento é o seguinte:

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2007				2008		
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	-0,4	3,0	2,0	4,4	4,3	-0,1	1,1
Ramas enerxéticas	3,8	1,9	2,0	-1,4	-3,3	0,8	3,1
Ramas industriais	5,4	3,7	7,2	0,1	0,3	-2,6	-2,7
Construción	4,0	4,4	4,5	4,4	3,8	2,3	-1,7
Ramas dos servizos	3,9	4,4	4,1	4,4	3,9	3,6	3,5
- Servizos de mercado	4,3	4,1	4,2	4,4	3,5	3,3	3,0
- Servizos non de mercado	2,4	5,5	4,0	4,6	5,2	4,6	5,1
Impostos netos sobre os produtos	4,1	4,7	7,2	0,9	3,3	1,6	-0,3
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	4,1	4,2	4,1	3,8	3,2	2,4	1,6

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

As ramas agraria e pesqueira creceron un 1,1%, en liña cos indicadores de actividade dispoñibles que indican crecementos interanuais na pesca e no sector gandeiro.

No caso das ramas industriais acádase unha taxa de variación interanual inferior á do trimestre anterior, en sintonía coa evolución do índice de produción industrial, presentando un rexistro do -2,7%. As ramas enerxéticas rexistran un crecemento do 3,1%, 2,3 puntos por enriba do crecemento do trimestre anterior.

O sector da construción presenta unha taxa de crecemento do -1,7%, 4,0 puntos inferior ao crecemento rexistrado no trimestre anterior, debido basicamente á desaceleración da edificación, sobre todo a residencial.

Por último, o sector dos servizos presenta un crecemento do 3,5%, unha décima inferior ao crecemento do trimestre precedente. Os servizos de mercado acadan un crecemento inferior en tres décimas ao rexistrado no segundo trimestre de 2008, quedando situada a taxa no 3,0%. Os servizos non de mercado creceron un 5,1%, cinco décimas máis que no trimestre precedente.

Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra no terceiro trimestre de 2008 un crecemento interanual do 0,4%, seis décimas menos que o estimado para o trimestre anterior. Esta taxa supón a creación de 4.763 postos de traballo equivalentes a tempo completo nun ano.

Emprego por ramas de actividade Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2007				2008		
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	-3,1	0,0	-4,1	-4,8	-0,6	-4,5	0,5
Ramas enerxéticas	-4,7	-6,3	-7,2	-6,6	-3,4	-1,9	-1,7
Ramas industriais	1,4	2,7	3,2	3,9	1,9	0,3	-1,3
Construción	4,3	4,9	3,4	2,5	-0,1	-3,6	-7,5
Ramas dos servizos	4,4	3,9	3,1	2,9	2,3	2,9	2,6
- Servizos de mercado	4,7	3,9	2,9	3,6	2,3	3,2	2,9
- Servizos non de mercado	3,5	3,9	3,5	1,3	2,3	2,3	1,8
TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	3,2	3,4	2,4	2,2	1,6	1,0	0,4

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade, son os servizos os que presentan un mellor comportamento, acadan un crecemento do 2,6%. Os servizos de mercado minoran o seu crecemento en tres décimas e os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 1,8%, cinco décimas inferior ao crecemento do trimestre anterior.

As ramas agraria e pesqueira acadan taxas interanuais do 0,5%, a construción presenta un crecemento do -7,5%, 3,9 puntos menos que no trimestre anterior e as ramas industriais descenden 1,6 puntos porcentuais a súa taxa de crecemento quedando esta situada no -1,3%.

Distinguindo por situación profesional o emprego asalariado amosou un menor dinamismo, acadando neste trimestre unha taxa de variación interanual do 0,2%, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo. O que supón a creación de 2.104 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

Emprego por ramas de actividade

Postos de traballo equivalentes a tempo completo asalariados

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2007				2008		
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Ramas agraria e pesqueira	-1,9	-0,7	-2,6	-1,1	-6,7	-5,9	-1,0
Ramas enerxéticas	-4,7	-6,1	-7,1	-6,5	-3,2	-1,6	-1,5
Ramas industriais	1,5	3,1	3,5	4,0	1,4	-0,4	-2,2
Construción	4,7	5,2	3,5	2,6	-1,0	-4,6	-8,6
Ramas dos servizos	4,3	3,9	3,0	2,7	2,5	3,5	3,0
- Servizos de mercado	4,8	3,8	2,7	3,5	2,6	4,1	3,6
- Servizos non de mercado	3,5	3,9	3,5	1,3	2,3	2,3	1,8
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO ASALARIADO	3,6	3,6	2,8	2,7	1,4	1,2	0,2

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 1,2%, dúas décimas inferior á cifra acadada no trimestre anterior.

Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta un crecemento interanual do 5,1%, o que implica un crecemento do deflactor implícito do 3,5%, catro décimas superior ao do trimestre anterior.

Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións	2007				2008		
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Gasto en consumo final	7,3	7,2	6,9	6,8	6,8	6,3	6,4
-Gasto en consumo final dos fogares	7,2	7,2	6,9	6,7	6,5	5,7	5,8
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	7,4	7,2	7,0	7,1	7,8	8,3	8,6
Formación bruta de capital	11,4	11,0	10,0	9,6	9,6	8,8	2,3
Demanda en termos nacionais ⁽¹⁾	9,8	9,6	9,1	8,8	8,9	8,2	5,9
Exportacións de bens e servizos	12,9	10,8	14,0	8,6	5,3	4,9	3,3
Importacións de bens e servizos	13,3	11,7	13,9	10,2	7,9	7,3	3,7
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	7,7	7,4	7,1	6,4	6,1	5,6	5,1
Ramas agraria e pesqueira	2,3	8,3	6,5	7,3	6,3	2,6	1,9
Ramas enerxéticas	5,9	4,2	2,8	4,4	3,4	11,9	18,9
Ramas industriais	9,8	7,3	11,0	3,5	4,3	1,6	0,8
Construción	9,8	9,2	9,7	9,9	9,1	7,6	4,0
Ramas dos servizos	6,7	7,3	7,1	8,5	8,9	8,7	8,7
- Servizos de mercado	6,8	6,6	6,9	8,6	8,7	8,7	8,5
- Servizos non de mercado	6,2	9,5	7,6	8,2	9,3	8,8	9,4
Impostos netos sobre os produtos	10,3	6,8	1,0	-4,7	-8,6	-8,7	-9,9

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.



Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>